

## **“ATRÉVETE”**

### **Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.**

Este programa que se desenvolve no marco do Plan Eduemprende nace da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e diferentes asociacións e grupos empresariais, para impulsar e fomentar a cultura emprendedora entre o alumnado, motivándoo e sensibilizándoo no espírito emprendedor.

#### **OBXECTIVOS**

Os obxectivos deste programa son:

- Dar a coñecer e achegar ao alumnado o tecido industrial da súa contorna e as empresas das diferentes asociacións colaboradoras.
- Dar a coñecer ao alumnado das etapas obrigatorias os centros punteiros e de referencia na formación profesional, así como as saídas profesionais das ensinanzas impartidas nos mesmos.
- Promover o desenvolvemento de competencias persoais e sociais, relacionadas co emprendemento, que fomenten un espírito crítico, proactivo e colaborativo entre o alumnado.

#### **DESTINATARIOS**

Alumnado de 5º e/ou 6º de Educación Primaria e 1º e/ou 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

#### **ACTIVIDADES**

As actividades do programa, detalladas nos anexos que se indican a continuación, levaranse a cabo durante o curso 2021/2022. O calendario de visitas comezará a desenvolverse a partir do 12 de xaneiro de 2022.



**A. Actividades de fomento do emprendemento para Educación Primaria.**

Desenvolveranse nun dos seguintes centros que son referencia na formación profesional (Ver o programa no Anexo II):

- CIFP A Farixa (Ourense)
- CIFP Carlos Oroza (Pontevedra)
- CIFP Coroso (Ribeira)
- CIFP Ferrolterra (Ferrol)
- CIFP Manuel Antonio (Vigo)
- CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)
- CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)
- CIFP Someso (A Coruña)
- IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez)
- IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)
- IES Lois Peña Novo (Vilalba)

(A asignación de centro realizarase por área de influencia)

**B. Actividades de fomento do emprendemento para Educación Secundaria.**

Realizaranse nunha das empresas das seguintes asociacións (Ver o programa no Anexo III):

- Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña)
- Asociación de Empresarios Ferrolterra (Ferrol)
- Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela)
- Asociación de Empresarios de Riveira (Ribeira)
- Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez)
- Confederación de Empresarios de Lugo/Fundación CEL
- Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba)
- Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao
- Círculo de Empresarios de Galicia
- Federación Comarcal de Jóvenes Empresarios de Pontevedra

(A asignación da entidade colaboradora realizarase por área de influencia)

## CONCURSO: "ATRÉVETE A TER UNHA IDEA"

O alumnado participante nas actividades anteriores poderá concursar, individualmente ou en grupo, no "**Atrévete a ter unha idea**" a través da presentación dunha boa idea de negocio en formato audiovisual (duración máxima do vídeo 2 minutos) , presentación que seguirá o seguinte guión:

1. Título da idea.
2. Orixe e descrición da idea (como xurdiu, como se detectou a oportunidade de negocio, se é unha idea innovadora, a quen se dirixe, que demandas resolve, proposta de valor e en que se diferencia doutras ideas que xa hai no mercado).
3. Clientes (tipo e posible número de clientes e como chegar a eles).
4. Competencia (competidores que existen no mercado, vantaxes do produto/servizo ofrecido e detallar cales serían os seus produtos alternativos).
5. Posta en marcha da idea (descrición do necesario para poñela en marcha, pasos a seguir para a súa saída ao mercado, inversión necesaria e vías de financiamento).

A idea de negocio en formato audiovisual, xunto co Anexo IV, entregarase seguindo as instrucións que serán remitidas aos centros seleccionados antes do **20 de maio do 2022**.

Valorarase a orixinalidade da idea, a adecuación ao guión facilitado, a presentación e premiaranse as 11 mellores ideas de cada modalidade:

Modalidade	Premio
Mellor idea individual Primaria	Dispositivo dixital
Mellor idea individual Secundaria	Dispositivo dixital
Mellor idea grupal Primaria	Experiencia de emprendemento para o grupo
Mellor idea grupal Secundaria	Experiencia de emprendemento para o grupo

## SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, dende a conta de correo corporativa do centro, a [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: "*Solicitud programa Atrévete 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

Os centros solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude (Anexo I), unha proposta de traballo de fomento do emprendemento na que figure o profesorado coordinador deste programa. A proposta de traballo deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso.

Cada centro educativo poderá presentar unha única solicitude onde indicará os datos de contacto da persoa coordinadora da iniciativa no centro e o número de alumnado participante en cada nivel.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

## SELECCIÓN DOS CENTROS

Adxudicarase unha visita por centro. O número máximo de alumnos/as será de 30 por visita, tanto para Primaria como para Secundaria.

No caso de ter máis solicitudes que visitas dispoñibles farase unha selección de centros. Nesta selección valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes puntos:

- Obxectivos e actividades propostos para acadar o obxectivo xeral do programa Atrévete.
- Recursos empregados.
- Temporalización.

Para esta valoración crearase unha comisión composta por:

- Dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Formación Profesional, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección.
- Unha persoa representante das Asociacións Empresariais Colaboradoras.
- Unha persoa representante dun Centro Integrado de Formación Profesional.

Tamén se terá en consideración o número de visitas establecidas para cada entidade ou centro educativo e área de influencia do centro solicitante. No caso de que o número de centros con valoración favorable na proposta de traballo supere o número de visitas establecidas para cada entidade colaboradora e área de influencia, a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior a dito límite xustificando a viabilidade de ampliar o número de centros educativos e entidades colaboradoras.

### **CERTIFICACIÓN DO PROFESORADO**

O traballo realizado polo profesorado coordinador desde programa nos centros seleccionados será recoñecido pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

Unha vez rematado o programa e antes do 15 de xuño do 2022 debe remitirse unha memoria, seguindo as instrucións que serán remitidas aos centros seleccionados, que deberá recoller o traballo realizado co alumnado participante e na que se reflectirán as diferentes actividades desenvolvidas así como a visita realizada.

Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa, será necesaria a valoración positiva da memoria e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador do programa e as funcións realizadas.

### **TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

As actividades do programa levaranse a cabo ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso 2021- 2022.